



CONCELLO DA BAÑA

Praza do Concello, s/n
15863 A Baña (A Coruña)
Tels.: 981 886 501 / 981 886 516
Fax: 981 886 616
correo@concellodabana.gal
www.concellodabana.gal

APROBACIÓN DA LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TEMPORAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PELCONCELLOS 2026), E A ELABORACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO, CATEGORÍA PEÓN/A CONDUCTOR/A DE OBRAS

Expte. TEDEC: 2026/E001/000004 (Persoal).

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que o artigo 19.catro da Lei 11/2020, de 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021 establece que “Non se poderá contratar persoal temporal, nin realizar nomeamentos de persoal estatutario temporal e de funcionarios interinos agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables.”

Visto que en data 9 de marzo de 2026 se dita providencia de inicio onde se indica que se inicie expediente de selección de persoal laboral temporal ao abeiro do Programa (PEL-CONCELLOS/2026) e a elaboración dunha bolsa de emprego, mediante calquera das modalidades de contratación prevista no Real Decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, (BOE núm. 313, de 30 de decembro de 2021) para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

Visto que a selección de persoal realizase segundo establece o artigo 91 da Lei 7/1985, e respectando os requisitos do programa marcado pola convocatoria da Orde que regula o PEL-CONCELLOS/2026, publicadas con data 15 de outubro de 2025, publícanse no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 197 as bases reguladoras do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (PEL-CONCELLOS 2026) aprobadas mediante Resolución de Presidencia nº 2025/ 47202, do 13 de outubro de 2025.

Visto que as tarefas desempeñadas polo persoal encadrado na categoría obxecto do presente proceso selectivo resultan esenciais para o correcto funcionamento dos servizos públicos do Concello da Baña.

Vista a necesidade de dotar ao Concello da Baña de mecanismos de xestión de recursos humanos para resolver as ausencias prolongadas do seu persoal ao non dispor esta entidade de persoal que poida atenuar as posibles baixas, permisos, etc do persoal ao seu servizo.

Visto que as bases establecen as funcións e tarefas do persoal seleccionado segundo as Bases reguladoras do programa PEL CONCELLOS 2026, sin que súa determinación nas bases da bolsa poida xerar vinculación ou dereitos adquiridos máis alá da execución do devandito programa.

Visto que ditas bases e convocatoria foron publicadas na páxina web, taboleiro de anuncios e portal da transparencia deste Concello así como no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o 16 de marzo de 2026 (BOP núm. 50), iniciándose un prazo de dez días hábiles para a presentación de solicitudes para formar parte do proceso selectivo.

Visto que examinadas as solicitudes presentadas e conforme ao punto 4 das referidas bases, achegáronse solicitudes , tal e como se reflicte na seguinte táboa:

| SOLICITANTE | D.N.I.: | REGISTRO DE ENTRADA | POSTO | Inscrito no Servizo Público de Emprego | CELGA 1 | ADMITIDOS/ EXCLUIDOS |
|------------------------|-----------|-------------------------------|----------------------|--|---------|----------------------|
| OTERO RODRIGUEZ, ROCIO | ****641** | 202600000000282 17/03/2026 | PEÓN/A CONDUTOR/A | SI | SI | ADMITIDO |
| VELO REY, ANTONIO | ****462** | 202600000000310 20/03/2026 | PEÓN/A CONDUTOR/A | SI | SI | ADMITIDO |
| MARTINEZ MOURO, CARLOS | ****019** | 202600000000254 24/03/2026 | PEÓN/A CONDUTOR/A | SI | SI | ADMITIDO |

Visto que segundo a base número 4 das bases reguladoras da convocatoria da bolsa de emprego , expirado o prazo de presentación de solicitudes, ditarase resolución declarando aprobada a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as e as causas de exclusión. Dita resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal así como no portal de transparencia do concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/.

Visto que os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 10 días hábiles, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, nos que poderán corrixir os defectos ós que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá o seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Visto que se non se presentasen reclamacións á lista provisional, considerarase esta definitiva.

Visto que no suposto de existir reclamacións, estas serán aceptadas ou rexeitadas na mesma resolución pola que se aprobe a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do Tribunal e a data, lugar e hora de realización da fase de oposición. Esta resolución publicarase no taboleiro de anuncios do Concello, na páxina web municipal e no portal de transparencia do concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. Resolvo:

Primeiro.- Avoca-la competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que fora delegada por decreto de Alcaldía número 16/2022 de 17/01/2022, na Xunta de Goberno Local.

Segundo.- Aprobar a lista provisional dos aspirantes admitidos constatando a inexistencia de aspirantes excluídos:

| SOLICITANTE | D.N.I.: | REGISTRO DE ENTRADA | POSTO | Inscrito no Servizo Público de Emprego | CELGA 1 | ADMITIDOS/ EXCLUIDOS |
|------------------------|---------------|-------------------------------|--------------------------|--|---------|----------------------|
| OTERO RODRIGUEZ, ROCIO | ****641* * | 202600000000282 17/03/2026 | PEÓN/A CONDUTOR /A | SI | SI | ADMITIDO |
| VELO REY, ANTONIO | ****462* * | 202600000000310 20/03/2026 | PEÓN/A CONDUTOR /A | SI | SI | ADMITIDO |

| | | | | | | |
|------------------------|---------------|-------------------------------|--------------------------|----|----|----------|
| MARTINEZ MOURO, CARLOS | ****019* * | 202600000000254 24/03/2026 | PEÓN/A CONDUTOR /A | SI | SI | ADMITIDO |
|------------------------|---------------|-------------------------------|--------------------------|----|----|----------|

Terceiro.- Publicar as listas provisionais de admitidos/as e excluídos/as no Taboleiro de Anuncios do concello e na páxina web municipal e no portal de transparencia do Concello da Baña (dentro da sede electrónica municipal): https://sede.concellodabana.gal/opencms/es/portal_transparencia/

Cuarto.- Outorgarlle ós aspirantes excluídos un prazo de **dez días hábiles**, de conformidade co previsto no art. 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común, no que poderán corrixir os defectos que se alude no referido artigo e formular as reclamacións á lista provisional. De non presentar a solicitude de rectificación ou reclamación no prazo indicado, decaerá o seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención para o seu coñecemento aos efectos oportunos e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.

A Baña na data da sinatura dixitalmente

O Alcalde, José Antonio Pereira Gil

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE